



Expedientes	2026053775
Asunto	Solicitud de acceso a información pública
Trámite	Resolución presidencial de denegación de acceso

O deputado delegado de Administración Xeral, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia en materia de Transparencia, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Con data 5 de xullo de 2026 tivo entrada solicitude de acceso á información pública presentada por ***** , con CSV: ***** , co seguinte alcance:

“Copia expediente 2026014751 Reparación de camiños municipais.”

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG), establece no seu artigo 12 que todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública, nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución Española, recoñecendo así a titularidade do dereito de acceso a todas as persoas en termos similares aos expresados no citado precepto constitucional, que recoñece a os cidadáns o acceso aos arquivos e rexistros administrativos.

En relación co ámbito obxectivo da solicitude, a persoa solicitante require o acceso a un expediente administrativo xestionado polo Servizo de Cooperación cos Municipios, que se atopa actualmente en fase de tramitación.

Neste senso, a Disposición Adicional Primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro, establece que a normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de persoa interesada nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren nel.

No presente caso, da documentación obrante no expediente non resulta que o solicitante ostente a condición de persoa interesada nos termos previstos no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na medida en que a súa actuación non pode incidir no procedemento correspondente ao non ter a capacidade de participar, facer alegacións ou intervir no trámite de audiencia. O obxectivo do límite da Disposición Adicional 1ª da LTAIBG é evitar que as previsións da normativa de acceso á información pública poidan causar interferencias na condución do procedemento principal.

Aplicando este marco ao suposto de feito, a articulación entre a lexislación procedimental e o réxime xeral de transparencia require delimitar estritamente a posición xurídica do peticionario. Tal e como vén sinalando a doutrina consolidada dos órganos de garantía en materia de transparencia —entre outros, o Informe 5/2017 (Expte. 110/2016) do Consell de Transparència de la Comunitat Valenciana—, quen non ostenta a condición de persoa interesada nos termos do artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPACAP), non ten lexitimación para acceder a un expediente administrativo en fase de instrución a través da vía procedimental común. Porén, o exercicio do dereito de acceso á información pública por parte de terceiros durante a tramitación dun procedemento non é absoluto, senón que queda condicionado á avaliación dos límites legais destinados a protexer a propia integridade da actuación administrativa antes da fixación da vontade definitiva do órgano competente.

Deste xeito, e en aplicación do devandito criterio, conforme ao disposto no artigo 14.1.g) da Lei 19/2013, do 9 de decembro (LTAIBG), que permite limitar o acceso á información cando este supoña un prexuízo para as «funcións administrativas de vixilancia, inspección e control», resulta procedente restrinxir o acceso ao expediente 2026014751 mentres se atope en fase de tramitación. Esta medida vén xustificada polo test de danos e proporcionalidade exixido polo artigo 14.2 da LTAIBG, xa que a divulgación prematura da documentación pendente de resolución ten como obxectivo directo evitar que as previsións da normativa de acceso á información pública poidan causar interferencias na condución do procedemento principal, garantindo así a obxectividade, a independencia dos órganos instrutores e o correcto desenvolvemento da función administrativa de xestión e control ata a súa finalización.

Por todo o exposto, a proposta da Unidade Responsable de Transparencia da Deputación de Pontevedra, e en atención ao disposto na Resolución Presidencial nº2025008021, do 3 outubro de 2025, de delegación das atribucións da Presidencia,

RESOLVO

PRIMEIRO.- DENEGAR O ACCESO á información pública solicitada por***** con data 5 de xullo de 2026, relativa á copia do expediente 2026014751 («Reparación de camiños municipais»), de acordo co previsto no artigo 14.1.g) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ao obxecto de evitar interferencias na instrución do procedemento principal mentres se atope en fase de tramitación.

SEGUNDO.- INFORMAR ao solicitante de que a presente restrición ten carácter temporal. Unha vez se dita a resolución definitiva que poña fin ao procedemento administrativo do expediente 2026014751, o interesado poderá exercer novamente o dereito de acceso á información pública contida no expediente concluído.



Deputación
Pontevedra

Firmado por: JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA - ***4916**
Cargo: Deputado delegado
Data: 07/08/2026 09:46

SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

TERCEIRO.- Ordenar a publicación da presente resolución na sección de Transparencia accesible no portal web institucional www.depo.gal, unha vez anonimizados os datos de carácter persoal da persoa solicitante.

En Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.

Fronte a esta resolución, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Comisión de Transparencia e Bo Goberno de Galicia, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Firmado por: LUIS FELIJO GARCÍA - ***1268**
Cargo: Asesor xurídico de Administración Electrónica, Transparencia e Protección de Datos
Data: 06/08/2026 13:09

Firmado por: GABRIEL JUAN RODRÍGUEZ ALONSO - ***7731**
Cargo: Secretario/a Accidental
Data: 07/08/2026 09:49
Número Resolución RP2026006448